



Comunicado do Sector Crítico de CCOO

O alcalde de Ferrol anunciou onte a súa intención de participar “como cidadán” na manifestación convocada polo naval para o domingo 30.

Pero hai un problema: o señor Rey Varela non é un cidadán máis, é un representante destacado do Partido Popular, que de feito non só o puxo ó fronte do concello de Ferrol, senón tamén da Federación Galega de Municipios e Provincias.

E como tal representante do PP, Rey Varela consinte e colabora no continuo engano do PP ós traballadores do sector naval. O ministro Montoro dixo que en marzo comezaría o corte de chapa do flotel.. ¡pero en marzo de 2013! Hoxe, un ano máis tarde, ese comezo aínda non ten data oficial. Os catro gaseiros acabaron en Asia e do quinto non se sabe nada. Mentres tanto, o 25% dos parados de Ferrolterra xa non recibe ningunha axuda económica pública e Cádiz é a provincia con máis paro de todo o Estado español.

Onte mesmo, o presidente da SEPI volveu a burlarse de tódolos traballadores do sector naval pedíndonos que esperemos “con confianza” o barco que Montoro anunciou en febreiro e que o goberno ía concretar “en semanas”. ¡Como para fiarnos do PP despois de tantas mentiras!

Os PP locais das diferentes zonas xeográficas onde está enclavada Navantia intentan presentarse nas súas respectivas comarcas como os amigos dos seus traballadores, á vez que presentan ós traballadores das outras zonas como rivais, para así fomentar un enfrontamento localista entre traballadores que só favorece ó goberno de Rajoy.

O alcalde de Ferrol non é un amigo dos traballadores. Se Rey Varela e o resto dos alcaldes e concelleiros do PP nos concellos da nosa comarca realmente queren demostrar que están en desacordo coa política do goberno do seu partido, o que terían que facer é dimitir irrevogablemente dos seus cargos.

Por todos estes motivos, o Sector Crítico de CCOO rexeita totalmente a presenza do alcalde de Ferrol na manifestación do vindeiro domingo, que só busca enmascarar o carácter antiobreiro do PP. Os traballadores non debemos permitir que aqueles que apoian os recortes e as políticas capitalistas que están a afundir na miseria a cada vez máis sectores da clase obreira veñan ás nosas mobilizacións contra esas políticas a facerse a foto e a dar unha imaxe que non se corresponde en absoluto coa realidade.

¡FÓRA A DEREITA DAS MOBILIZACIÓNS OBREIRAS!